



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

C U R S O 2 0 1 9 - 2 0 2 0

CPI AS MIRANDAS

DEPARTAMENTO: TECNOLOGÍA

DATA: 05/05/2020



ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe.
2. Avaliación e cualificación.
3. Información e publicidade.



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESINDIBLES

Criterio de avaliación

Tecnoloxía 2º curso da ESO:

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos

- B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.

- B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente.

Bloque 2. Expresión e comunicación técnica

- B2.1. Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas.

- B2.2. Interpretar esbozos e bosquejos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.

- B2.3. Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.

Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos

- B4.1. Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.

- B4.2. Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos.

Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación

- B5.2. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.

Tecnoloxía 3º curso da ESO:

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos

- B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente, e valorando as condicións do contorno de traballo.

Bloque 2. Expresión e comunicación técnica

- B2.1. Interpretar esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.

Bloque 3. Materiais de uso técnico

- B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna, en relación coas propiedades que presentan e as modificacións que se poidan producir.

Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control

- B4.1. Relacionar os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas.

- B4.2. Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.

- B4.3. Deseñar e simular circuítos con simboloxía adecuada e montar circuítos con operadores elementais.

Bloque 5. tecnoloxías da información e da comunicación

- B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.

- B5.2. Utilizar de forma segura sistemas de intercambio de información.

- B5.3. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos.



Tecnoloxía 4º curso da ESO:

Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación

- B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.
- B1.4. Utilizar equipamentos informáticos.

Bloque 2. Instalacións en vivendas

- B2.1. Describir os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda e as normas que regulan o seu deseño e a súa utilización.
- B2.2. Realizar deseños sinxelos empregando a simboloxía axeitada.

Bloque 3. Electrónica

- B3.1. Analizar e describir o funcionamento e a aplicación dun circuíto electrónico e os seus compoñentes elementais.
- B3.2. Empregar simuladores que faciliten o deseño e permitan a práctica coa simboloxía normalizada.
- B3.3. Experimentar coa montaxe de circuítos elementais e aplicarlos no proceso tecnolóxico.
- B3.4. Realizar operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole na resolución de problemas tecnolóxicos sinxelos.
- B3.5. Resolver mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.

Bloque 4. Control e robótica

- B4.1. Analizar sistemas automáticos e describir os seus compoñentes
- B4.3. Desenvolver un programa para controlar un sistema automático ou un robot e o seu funcionamento de forma autónoma.

Bloque 5. Neumática e hidráulica

- B5.1. Coñecer as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.
- B5.2. Identificar e describir as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.
- B5.3. Coñecer e manexar con soltura a simboloxía necesaria para representar circuítos.

Estándar de aprendizaxe

Tecnoloxía 2º curso da ESO:

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos

- TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
- TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.
- TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
- TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.

Bloque 2. Expresión e comunicación técnica

- TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.
- TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.
- TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.

Bloque 3. Materiais de uso técnico



- TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.

Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos

- TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.

- TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.

- TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.

- TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.

- TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.

Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación

- TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.

- TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.

- TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.

Tecnoloxía 3º curso da ESO:

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos

- TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.

Bloque 2. Expresión e comunicación técnica

- TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.

Bloque 3. Materiais de uso técnico

- TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.

Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control

- TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.

- TEB4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuitos básicos.

- TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.

- TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.

- TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.

- TEB4.4.1. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.

Bloque 5. tecnoloxías da información e da comunicación

- TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.

- TEB5.2.1. Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.

- TEB5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.

- TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.



Tecnoloxía 4º curso da ESO:

Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación

- TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupar e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.
- TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.
- TEB1.3.1. Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación.
- TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.

Bloque 2. Instalacións en vivendas

- TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.
- TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.
- TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas.
- TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento.
- TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.

Bloque 3. Electrónica

- TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuíto electrónico formado por compoñentes elementais.
- TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.
- TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.
- TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.
- TEB3.4.2. Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.
- TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.

Bloque 4. Control e robótica

- TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.
- TEB4.1.2. Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado.
- TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.

Bloque 5. Neumática e hidráulica

- TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.
- TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.
- TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuítos que resolvan un problema tecnolóxico.



2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación

Procedementos e Instrumentos para a primeira e segunda avaliación:

As **probas escritas** terán un peso dun 70% na nota de cada avaliación. A **iniciativa e interese** mostrados polo alumno terán un peso de un 10% na nota en cada avaliación.

- ▲ Coidado do material na aula-taller.
- ▲ Interese e participación.

As **produccións do alumnado** terán un peso de un 20% da nota en cada avaliación:

- ▲ Traballos e exposicións orais.
- ▲ Probas e tarefas sobre os contidos impartidos realizadas por escrito e/ou en liña.
- ▲ Proxectos e prácticas.
- ▲ Resolución de problemas.
- ▲ Utilización do equipamento informático e o software.

Procedementos e Instrumentos para a terceira avaliación:

Debido a que, salvo raras excepcións, a maioría do alumnado ten superados, ou recuperados, os estándares de aprendizaxe tratados nas dúas primeiras avaliacións, e co fin de motivar ó alumnado con novos contidos, darlle a oportunidade de progresar ós alumnos con máis capacidade e que o alumnado en xeral acabe o curso co mellor nivel de formación posible, os estándares tratados na 3ª avaliación farán referencia a **contidos novos**.

Ós alumnos que aínda non teñan superados ou recuperados os estándares das dúas primeiras avaliacións asignaráselle unha tarefa específica de recuperación.

Debido a que non todos os alumnos teñen as mesmas oportunidades para seguir unha formación telemática, a que non se pode garantir a autoría das producións e probas desenvolvidas ou entregadas telemáticamente, e a que non se pode esixir ós alumnos a adquisición de coñecementos sen o apoio directo e presencial do profesor, os estándares de aprendizaxe tratados na terceira avaliación **non serán avaliados**. Non se avaliará o grao de asimilación dos estándares tratados.

Sen embargo, co fin de motivar e recompensar o traballo do alumnado, o que si se avaliará será o grao de interese, de participación e o grao de realización das tarefas encomendadas.

Como **instrumento de avaliación** utilizaranse as **producións do alumnado** que serán que ser entregadas na **aula virtual** do centro dentro do curso específico de cada alumno. Quedando rexistradas oficialmente tanto as datas de entrega como as producións entregadas.

Só os alumnos que xustifiquen non poder acceder a aula virtual poderán entregar as súas producións por calquera outro medio que sexa viable.



	<p>O procedemento de avaliación consistirá en computar o número de tarefas realizadas e a porcentaxe da tarefa realizada en caso de realizacións parciais.</p> <p>No caso das tarefas de corrección automática encomendadas na aula virtual. A tarefa consiste en acadar un 10 en cada unha das probas propostas. Dado que o alumno pode cambiar as súas respostas todas as veces que precise, que cada vez que entrega as súas respostas pode ver inmediatamente cales respondeu ben e cales mal, e que en caso de non atopar as respostas correctas pode preguntar ó profesor vía correo electrónico, estímase que calquera alumno pode atopar, ou preguntar ó profesor, as respostas correctas e obter un 10 nas devanditas probas. Polo tanto a nota acadada nas probas é un reflexo do interese do alumnado por completar a tarefa, buscando ou preguntando as respostas correctas.</p> <p>En calquera caso, a cualificación obtida na terceira avaliación só servirá para mellorar a cualificación obtida polos alumnos nas dúas primeiras avaliacións.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A nota final do curso calcularase como a media obtida nas dúas primeiras avaliacións directamente ou na recuperación. Esta media será a nota Covid</p> <p>A nota Covid mellorarase sumando a nota da terceira avaliación.</p> <p>A cualificación da terceira avaliación realizarase sobre un máximo de 2 puntos sobre 10.</p> <p>Estímase que o alumnado merecerá algunha mellora na sua cualificación media das avaliacións anteriores cando teña realizadas como mínimo un 50% das tarefas encomendadas.</p> <p>Deste xeito, realizar un 50% das tarefas suporán un incremento na nota Covid de 0 puntos, e realizar o 100% das tarefas suporán un incremento na nota Covid de 2 puntos. As porcentaxes de realización intermedias terán una nota proporcional.</p> <p>A materia superarase cando a cualificación total obtida sexa superior a 5 puntos sobre 10.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A proba extraordinaria de setembro desenvolverase mediante proba escrita onde se avaliarán só os contidos tratados nas dúas primeiras avaliacións.</p> <p>A materia superarase cando a cualificación obtida sexa superior a 5 puntos sobre 10.</p>



Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Non existe alumnado coa materia pendente.
	Criterios de cualificación: Non existe alumnado coa materia pendente.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non existe alumnado coa materia pendente.

3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

PROFESORADO	O alumnado será informado a través a aula virtual do centro ou por correo electrónico o seu correo do centro.
CENTRO	Publicación na páxina web do colexio e por Abalar